

Prego de condicións para a contratación dun servizo de apoio á dinamización e consolidación de proxectos innovadores no marco do programa INNPULSA FOOD

1	Antecedentes.....	1
2	Obxecto e descrición dos traballos.....	2
3	Control e verificación dos traballos.....	3
4	Prazo de execución	3
5	Orzamento	3
6	Criterios de valoración.....	3
7	Documentación a presentar por parte dos oferentes	4
8	Presentación de ofertas	4
9	Emendas	4

1 Antecedentes

INNPULSA FOOD é unha plataforma de proxectos de innovación do sector alimentario de Galicia, impulsada polo Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga). A súa finalidade é dinamizar proxectos innovadores servindo como plataforma para a captación de ideas, o financiamento e a xeración de proxectos colaborativos, actuando como acción de fomento e impulso da colaboración empresarial e sectorial.

A plataforma está deseñada para facilitar o acceso das empresas aos fondos de I+D+i e á dixitalización a través de accións colectivas e recursos compartidos.

As actuacións previstas inclúen:

- Elaboración e envío de alertas semanais sobre convocatorias de financiamento para I+D+i e dixitalización.
- Talleres prácticos grupais fusionados con dinámicas de networking, dirixidos a orientar as empresas na identificación de retos, xeración de proxectos colaborativos e preparación de propostas.
- Acompañamento e soporte ás ideas de proxectos xeradas nos talleres, ata a súa presentación a convocatorias públicas de subvencións.
- Elaboración de guías de apoio para a xestión de proxectos.

O proxecto inscríbese no **Programa de Impulso á Competitividade, Innovación e Cooperación Empresarial no Sector Alimentario de Galicia 2025-2026 (GALICIA**

FOOD+), financiado polo **Igape** a través da liña de **Axudas ás agrupacións empresariais innovadoras na Comunidade Autónoma de Galicia**.

2 Obxecto e descrición dos traballos

O obxecto deste contrato é a contratación dun servizo especializado para o **deseño, execución e seguimento das actividades de dinamización de proxectos innovadores no marco de INNPULSA FOOD**.

As actuacións mínimas que debe comprender o servizo son as seguintes:

1. **Elaboración de alertas periódicas e base de datos de convocatorias**

- Mantemento e actualización dunha base de datos con convocatorias relevantes de financiamento para I+D+i e dixitalización.
- Elaboración de alertas periódicas para informar ás empresas.
- Acompañamento para orientar ás empresas na identificación das convocatorias máis axeitadas segundo o perfil e os proxectos en desenvolvemento.

2. **Talleres prácticos grupais con dinámicas de networking (cinco talleres)**

- Deseño e impartición de cinco talleres prácticos grupais, que combinen formación aplicada e dinámicas de networking.
- Os talleres deberán ter un enfoque práctico para apoiar ás empresas na identificación de retos, xeración de proxectos colaborativos entre empresas e preparación de propostas.
- Os talleres poderán realizarse de forma presencial ou en liña en formato síncrono.

3. **Acompañamento a proxectos**

- Soporte individualizado ás ideas de proxectos xeradas nos talleres.
- Apoio metodolóxico e técnico para a súa maduración, estruturación e presentación a convocatorias públicas de subvencións.

4. **Elaboración de guías de apoio**

- Desenvolvemento de materiais prácticos que axuden ás empresas na preparación, execución e xestión de proxectos innovadores.

5. **Seguimento e avaliación**

- Elaboración de informes de seguimento das actividades realizadas.
- Redacción dun informe final que recolla resultados, aprendizaxes e propostas de mellora para futuras edicións.

3 Control e verificación dos traballos

Co obxectivo de garantir a calidade e o cumprimento das obrigas contractuais, o seguimento e control dos traballos realizarase mediante:

A. Reunións periódicas de seguimento

- Realización de reunións mensuais entre o equipo executor e Clusaga.

B. Informes de execución

- Entrega dos informes de seguimento e informe final.

C. Cumprimento de prazos

- Entrega dos traballos dentro do calendario acordado.
- O incumprimento reiterado poderá dar lugar a penalizacións ou resolución do contrato.

4 Prazo de execución

O prazo de execución do contrato será desde a sinatura do mesmo ata o **30 de setembro de 2026**.

5 Orzamento

O orzamento destinado a este servizo é de **31.059,29 € mais IVA (21%) 6.522,45 €**

A facturación por parte do adxudicatario, que deriva dos traballos realizados no marco do contrato pode realizarse de forma trimestral, se ben os prazos de facturación e pago concretos pecharanse unha vez que se adxudique e asine o contrato para o servizo.

6 Criterios de valoración

O orzamento do contrato está fixado e non se valorarán ofertas económicas á baixa.

A adxudicación realizarase en función da calidade da proposta técnica, segundo os seguintes criterios:

Criterio	Puntuación máxima
1. Calidade e adecuación da proposta técnica	50 puntos
2. Experiencia e perfil do equipo de traballo	35 puntos
3. Propostas de valor engadido	15 puntos
TOTAL	100 puntos

Detalle dos criterios:

1. **Calidade e adecuación da proposta técnica (máx. 50 puntos)**

- Claridade, estrutura e coherencia da proposta.
- Axuste aos obxectivos de INNPULSA FOOD.
- Adecuación das actividades ás necesidades de innovación e cooperación do sector.
- Claridade no enfoque metodolóxico para o desenvolvemento dos talleres, guías, networking, acompañamento e seguimento.

2. **Experiencia e perfil do equipo de traballo (máx. 35 puntos)**

- Experiencia en dinamización de proxectos de innovación (últimos 5 anos).
- Experiencia específica en programas de financiamento, innovación e cooperación empresarial.
- Calidade dos perfís propostos (CV, roles).

3. **Propostas de valor engadido (máx. 15 puntos)**

- Actividades complementarias que melloren o impacto do programa (ex: acceso a redes internacionais, contacto con investidores, apoio en internacionalización de proxectos, etc.).

7 **Documentación a presentar por parte dos oferentes**

Os oferentes deberán presentar a seguinte documentación:

- Documento de oferta técnica, con proposta de traballo, equipo profesional asignado e, de ser o caso, propostas de mellora.
- Informe de experiencia previa.

8 **Presentación de ofertas**

As ofertas deberán ser enviadas ao enderezo **info@clusaga.org** ata o **5/11/2025 ás 23:59h**.

9 **Emendas**

Os documentos que formen parte da oferta e que requiran de emenda non se verán penalizados a efectos de puntuación. En caso de non proceder á emenda, o oferente poderá quedar excluído do proceso ou sen puntuación adicional, en función do tipo de emenda.